MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PR( Y DEPORTES

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

# RED DE CENTROS DE CAPACITACIÓN DIGITAL

| DATOS IDENTIFICATIVOS | |
|---|---|
| **Aula / Centro:** | AYUNTAMIENTO /CONCELLO DE POIO |
| **ID (Código Centro/NIF*)** | P3604100B |
| **Dirección:** | PRAZA DO MOSTEIRO Nº1 ,36995 POIO (PONTEVEDRA) |
| **Teléfono:** | 986770001 EXT 1260 |
| **Correo electrónico:** | promocioneconomica@concellopoio.org |
| **Página web:** | Www.concellopoio.gal |

(*) Entidades Locales

| **PROGRAMAS FORMATIVOS IMPARTIDOS EN EL AULA**<br>**(Indicar el número de programas impartidos en el aula de capacitación digital y su temporalización)** |
|---|
| 8 programas impartidos anualidad 2024 todos ellos.<br>1.- de 10 a 17 de junio en horario de mañana 9,30 a 13,30<br>2.-de 29/09 a 03/10 , horario mañana 9,30 a 13,30<br>3.-de 29/09 a 03/10 , horario tarde 16,30 a 20,30<br>4.- de 14/10 a 23/10, en horario de mañana 9,30 a 13,30<br>5.-de 14/10 a 23/10, horario tarde 16,30 a 20,30<br>6.-04/11 a 13/11, horario de mañana 9,30 a 13,30<br>7.- 04/11 a 13/11, horario tarde 16,30 a 20,30<br>8.-18/11 a 27/11, en horario de mañana 9,30 a 13,30 |

| **INSTALACIONES /AULAS DIGITALES**<br>**Breve descripción dotación de las aulas digitales (ordenadores, portátiles, impresoras) /formaciones impartidas** |
|---|
| Aula de 50metros cuadrados exterior, completamente equipada con mobiliario de aula (mesas y sillas, pizarra, y con 20 portátiles de última generación , habiéndose impartido un total de 8 formaciones iguales de capacitación digital en el año 2024 con una media de 12 alumnos por edición con lo que se cumple el objetivo de formar a 100 personas en competencias digitales. |

| **MEDIDAS DE VISIBILIDAD (SOPORTE GRÁFICO)** |
|---|
| https://concellopoio.gal/o-alumnado-completa-con-exito-as-200-horas-do-curso-avanzado-de-competencias-dixitais-en-poio/<br>https://concellopoio.gal/poio-imparte-un-curso-gratuito-en-competencias-dixitais-nivel-avanzado-dirixido-a-persoas-en-situacion-de-desemprego/<br>https://codigocero.com/Remata-con-exito-o-curso-avanzado-en-Competencias-Dixitais-do- |

| |
|---|
| Concello-de-Poio |



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PR(
Y DEPORTES

Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia




Recreación del parque de Lourido, en donde se renovarán todos los elementos. D.P.

# Xogos Kompan realizará la reforma del parque de Lourido

▶ Costará 154.000 € y será la segunda gran intervención en áreas infantiles. Esta tarde se inaugura la primera en el parque de Ánkar

POIO. Cuando faltan apenas unas horas para que el Concello de Poio inaugure su primera gran reforma de un parque infantil, en de Ánkar, en San Salvador, la Xunta de Goberno acaba de adjudicar el proyecto para renovar el parque infantil de Lourido, que contará con un diseño inspirado en la temática marina. La actuación será ejecutada por la empresa Xogos Kompan, con un presupuesto de 154.275 euros.

El objetivo del Concello de Poio es ofrecer a las familias espacios lúdicos atractivos, inclusivos y de calidad. Así, en el Parque Costa Xiráldez, por su proximidad a la costa, se ha escogido una temática marina con un faro como eje central del diseño, un símbolo muy frecuente en la costa gallega pero muy poco utilizado en áreas de juego infantiles. La empresa que ganó la licitación es una firma danesa con más de 55 años de trayectoria que entre otros proyectos en la provincia firma varios de los parques infantiles de Vigo, así como el parque de calistenia ejecutado en Pontevedra en 2024.

De las tres empresas que presentaron sus propuestas, Xogos Kompan fue la mejor clasificada, incluyendo una rebaja del precio del contrato, una ampliación del plazo de garantía de la obra de 12 a 48 meses y del plazo para los equipamientos de 3 a 8 años.

El proyecto contempla la sustitución del pavimento y de los juegos existentes, que presentan un elevado estado de deterioro, instalando siete nuevos elementos y un vallado de madera. El faro incluirá tres tipos de toboganes, con plataformas a diferentes alturas y accesos múltiples. Además, incluye estaciones de suelo que aportan exploración cognitiva, juego simbólico y experiencias sensoriales auditivas y táctiles. Junto al faro, también se incluirán columpios con asientos normal, de bebé y nido (accesible para niños y niñas con movilidad reducida). Otros elementos incorporados son juegos giratorios, balancines, caminos exploradores y más. La reforma del parque mantendrá la tirolina actual.

Precisamente, este viernes el Concello inaugurará el Parque de Cristóbal Colón en Ánkar, con una fiesta con hinchables, música, chocolate y la animación de Javi Solla. Será a partir de las 17.00 horas, si las condiciones meteorológicas lo permitan.


O alcalde e edil de deportes na parcela onde se ubicarán as instalacións. D.P.

# Barro súmarase ao pump track cun novo circuito no lugar do Outeiro

BARRO. O Concello de Barro vén de aprobar na primeira Xunta de Goberno do ano o proxecto para a construción dun circuíto de pump track, cun investimento de 96.000 euros, que se financiará con cargo ao Plan Extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación de Pontevedra.

A nova instalación executarase no lugar do Outeiro, na parcela anexa á piscina municipal, co que se quere poder ampliar a oferta de instalacións deportivas e de lecer do concello e crear ao mesmo tempo un novo espazo ao aire libre para a práctica deportiva e o encontro veciñal.

O alcalde de Barro, Xosé Manuel Fernández Abraldes, e a concelleira de Deportes, Andrea Pérez Cal, visitaron recentemente a parcela na que se levarán a cabo os traballos, comprobando in situ a localización e as posibilidades que ofrecerá este novo equipamento para o municipio.

O pump track é unha disciplina deportiva consistente en percorrer pistas compostas por curvas, lombos e peraltes, ben con bicicletas, patinetes, monopatíns ou skates. Nestes circuitos combínase a inercia co impulso para acadar grandes velcidades. Trátase dun espazo pensado para persoas de todas as idades, mais especialmente para a rapazada do municipio.

Con esta actuación, o Concello de Barro continúa a apostar polo fomento da actividade física, a práctica de novos deportes e a promoción de hábitos de vida saudables, dotando á veciñanza dun novo espazo de lecer e deporte accesible e integrado no entorno municipal.

# A formación dixital, un activo en Poio

POIO. O Concello de Poio completou con éxito un novo curso avanzado de Capacitación Dixital dirixido a persoas en situación de desemprego, unha formación gratuíta que se desenvolveu na Reiboa no último trimestre do ano.

O alumnado superou as 200 horas de formación, estruturadas en cinco módulos de 40 horas cada un, acadando o nivel superior en competencias dixitais, tras ter superado tamén con éxito os niveis inicial e intermedio que se impartiron ao longo do último ano e medio. Esta formación conta coa convalidación oficial como formación profesional nestes coñecementos. A acción enmárcase no proxecto Dixigal, promovido pola Xunta en colaboración co Concello e financiado con fondos europeos. O contido formativo incluíu análise da información, creación de contidos e programación, comunicación e colaboración mediante ferramentas dixitais, resolución de problemas e seguridade e civismo na contorna virtual.


Participantes no curso que superaron os tres niveis da formación. D.P.

# Cerdedo-Cotobade suma oito parroquias ao uso do Punto Limpo da Lama

CERDEDO-COTOBADE. Co obxectivo de aumentar os servizos ofrecidos á poboación para que separen os seus residuos e dada a extensión xeográfica de Cerdedo-Cotobade, o Concello traballou nunha fórmula para poñer a disposición da veciñanza un punto limpo que se localizase como máximo a 20 minutos de distancia en vehículo de cada núcleo. O Concello vén de asinar un convenio co Concello da Lama e o de Fornelos de Montes, para o uso compartido do punto limpo de A Lama. Este novo servizo está xa dispoñible para a veciñanza de Almofrei, Borela, Rebordelo, Carballedo, Loureiro, Aguasantas, Valongo e Vilanova de Tenorio. As restantes parroquias terán a súa disposición o punto limpo municipal de Cerdedo.

A Lama abrirá a instalación para que a veciñanza leve os seus residuos os luns de 16.00 a 20.00 horas, os mércores de 9.00 a 13.00 horas e os sábados de 9.00 a 13.00 horas. A estes dous servizos hai que sumarlle o Punto Limpo Móbil, os minireceptores de proximidade e a recollida de voluminosos porta a porta.




Concello de Poio
10 de septiembre de 2025 ·

💻 Curso gratuíto de competencias dixitais avanzadas dirixido a persoas en situación de desemprego.

O Concello de Poio, en colaboración coa Xunta de Galicia, pon en marcha unha nova acción formativa no marco do proxecto DIXIGAL, financiado con fondos europeos.

📅 Datas: outubro – decembro 2025
📍 Lugar: Aula da Reiboa
🕒 Duración total: 200 horas (5 módulos de 40 horas)

🔷 Obxectivos da formación:
O curso ten como finalidade mellorar a empregabilidade do alumnado a través da adquisición de competencias dixitais avanzadas. O programa inclúe:

Tratamento e análise da información dixital

Creación de contidos e programación

Comunicación e colaboración mediante ferramentas dixitais

Ciberseguridade e civismo dixital

Resolución de problemas no entorno dixital

🎁 Ao rematar con éxito o itinerario formativo, o alumnado recibirá un equipo informático como agasallo.

📌 Requisitos de acceso:
É necesario contar cun título de Bacharelato, FP de Grao Superior ou equivalente. Tamén poderán acceder aquelas persoas que superen unha proba competencial ou que teñan realizado o nivel intermedio do mesmo itinerario.

📞 Máis información e inscricións:
📧 dixigal@bigformacion.com
📱 654 825 395
Ou no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Poio

Concello de Poio
30 de diciembre de 2025 a las 2:21 p. m. ·

📌 Clausura do curso gratuíto en Competencias Dixitais – Nivel Avanzado

Completamos con éxito 200 horas de formación gratuíta con dobre satisfacción, a de ter conseguido o nivel superior tras superar tamén con éxito os niveis inicial e intermedio no último ano e medio, e coa convalidación da formación profesional nestes coñecementos 👏

👉 Unha formación que supuxo unha gran oportunidade para as persoas participantes, permitindo adquirir coñecementos clave para mellorar as súas competencias dixitais e aumentar as oportunidades laborais.

Desde o Concello de Poio reafirmamos o noso compromiso coa formación e a capacitación continua, traballando para seguir ofrecendo todas as ferramentas e recursos necesarios que axuden a ampliar coñecementos e mellorar as oportunidades profesionais da veciñanza.

👏 Parabéns a todo o alumnado polo seu esforzo e dedicación!

